



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE FEBREIRO DE 2014

LICENZAS

LIC/1032/2013.- M^a JOSEFA OTERO CAROLLO.- Conceder licenza para substitución de cuberta en R/ San Lázaro, 21-21A.

LIC/755/2005.- MANUEL ROMERO VAZQUEZ.- Conceder a modificación da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do 20.06.2005 para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no Lg. Piñeiro de Villestro, 58.

LIC/934/2008.- GESTIONES URBANÍSTICAS Y MEDIOAMBIENTALES, S.L.- Conceder a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 30.11.2010, modificada pola Xunta de Goberno Local do 26.09.2011, para construción dun edificio na R/ Amor Ruibal, 4-6.

LEGALIZACIÓNS

LIC/1752/2013.- RED DE BANDA ANCHA DE ANDALUCIA, S.A.- Conceder licenza para legalización dunha torre para radioenlaces de 50 m. no Lg. Cruxeira.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/1685/2013.- JESÚS ARES RIAL.- Conceder a licenza de parcelamento en Lg. Pousada de Bando.

LIC/1715/2013.- EMILIO OTERO IGLESIAS.- Denegar a licenza de segregación en Lg. Berdía, Polígono 517, Parcela 590 e 591.

4.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á autorización de transmisión das casetas da Praza de Abastos núms. NC140 - NC141.

Autorízase a transmisión.

5.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade e Mobilidade relativa ao alleamento directo de dous camións do parque de bombeiros por mor do seu estado obsoleto e inútil.

A vista dos informes do oficial-xefe de Bombeiros e do inspector técnico de servizos e a proposta da Concelleira de Seguridade e Mobilidade, a XGL aprobou que estes dous vehículos tipo forestal considerados a día de hoxe como residuo metálico, sexan enaxenados de forma directa pola entidade Construcciones Fechi S.L.U. polo precio de 2.000 €. Dita empresa será quen asuma os costes de traslado destes camións.

Este acordo de alleamento por causa de estado obsoleto e inútil dos vehículos suporá a súa desafectación ao uso que tiña asinado e a baixa no inventario municipal.

Con este trámite afórrase o mantemento e gastos administrativos derivados dos mesmos e suporá que haxa máis espazo na explanada do Parque de Bombeiros para o seu uso, xa que estes vehículos estaban alí estacionados.

6.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á realización das actividades formativas da dita concellería para o primeiro semestre de 2014.

Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio entre o concello e a USC para a realización do practicum do alumnado do máster universitario en Psicoloxía xeral sanitaria da facultade de Psicoloxía.

A XGL aprobou un convenio entre a USC e o Concello para a realización do practicum do alumnado do máster universitario en Psicoloxía xeral sanitaria da facultade de Psicoloxía.

Estas prácticas realizaranse na UMAD (Unidade Municipal de Atención ás Drogodependencias). Considérase favorable a aprobación deste convenio xa que hai moito interese desde a Área de Servizos Sociais de colaborar na formación práctica do alumnado universitario.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de incidencias na xestión de bolsas de comedor escolar.

Aprobáronse a proposta da concelleira de Benestar Social unhas modificacións na xestión destas bolsas que consistiron en intercambiar unha bolsa entre irmáns para poder facilitar a conciliación familiar.

9.- Proposta do concelleiro delegado da área de Participación Cidadá relativa á solicitude dunha subvención á deputación da Coruña para o sostemento dos centros socioculturais do ámbito rural en 2014.

Esta solicitude aprobada pola XGL estará dedicada ao Programa de animación e dinamización dixital nos centro do ámbito rural por un importe de 135.000 €, para o Programa de formación permanente por 15.000 € e para os Programas estacionais Vive o verán e Vive o Nadal.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude dunha subvención nominativa para o sostemento do centro sociocultural do Ensanche en 2014.

A XGL aprobou a solicitude dunha subvención á Deputación da Coruña por importe de 144.000 € para o sostemento do CSC e Xuvenil do Ensanche para o ano 2014. O orzamento total é de 180.000 €, a achega do Concello é de 36.000 €.

11.- Resolución de contrato de Obras de Demolição de edificación auxiliar no lugar de SUARRIBAS-CRUZ DA NOGUEIRA.

A XGL aprobou esta resolución xa que finalmente o derrubo que estaba previsto foi executado polo propietario.

12.- Resolución do contrato de Obras de Demolição de edificación auxiliar no lugar de PAI DA CANA-CONXO.

A XGL aprobou esta resolución xa que finalmente o derrubo que estaba previsto foi executado polo propietario.

13.- Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou que mentres non sexa firme o acordo da XGL polo cal se inadmite o recurso de Telefónica respecto da adxudicación á Empresa R non procede a adxudicación definitiva do contrato de telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais e Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela á empresa R.

14.- Dar conta da concesión dunha subvención ao concello para o programa de prevención de drogodependencias "Versión 2.0" para 2014.

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención ao Concello para o programa de prevención de drogodependencias "Versión 2.0" para 2014 por un importe de 38.571 € que aporta o Ministerio de Sanidade e Servizo Sociais. Para este programa a achega do Concello é de 16.530,43 €, polo que o custe total é de 55.101,43 €.

15.- Dar conta da concesión dunha subvención ao concello para o desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependencias e conductas aditivas do Concello de Santiago.

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención para o desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependencias e conductas aditivas do Concello de Santiago por un importe de 97.660 € que aporta a Consellería de Sanidade. Para este programa a achega do Concello é de 5.140 €, polo que o custe total é de 102.800 €.

URXENCIA

1.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade e Mobilidade en funcións relativa á aprobación do Plan de seguridade e saúde do contrato de conservación e mantemento das instalacións do túnel do Hórreo.